

RELACIÓN DE ACTIVIDADES REALIZADAS NO CLUB DE CIENCIA.

Experimento	Data	Observacións
O Ciclo da Auga	Xaneiro-Xuño	Preparación de bolsas con auga, colgadas das ventanas para ver o ciclo da auga.
Estudamos o corpo humano a través da aplicación Virtuali-Tee	Maio-Xuño	Descargamos a aplicación nas tablets, e empregamos as camisetas para ver o funcionamento dos aparatos do corpo humano.
Estados da materia. Os coloides	Febreiro	A través deste experimento (maizena e auga) coñecemos un estado da materia que se comporta dun xeito especial (pode parecer líquido ou sólido dependendo das circunstancias)
Coñecemos un novo material, baseado no comportamento dun animal moi peculiar. o "gecko".	Febreiro	Estudiamos o comportamento do "gecko" e vimos como era capaz de soste o peso do seu corpo sen problema en paredes verticais ou cara arriba debido á estrutura das súas patas. Experimentamos cunha cinta "gecko" pegándoa sobre todo tipo de materiais, incluso mollándoa, e puidemos observar que manteña as súas propiedades e se podía despegar e pegar varias veces.
Pode a auga subir?	Decembro	Experimento para poder explicar a diferenza de presións.
Pode flotar un clip? Cantas gotas de auga cabe nunha moeda de 10 céntimos?	Xaneiro	Experimentos para coñecer a tensión superficial da auga.
Construímos un "robot garabateador"	Marzo-Maio (tres sesións) Xuño (presentación dos "robots" ao alumnado de E. Infantil.	Construcción dun circuito eléctrico e estudio do movemento aleatorio. O produto final foi unha exposición de "arte robótico" na entrada do colexio e unha mostra práctica do funcionamento dos robots para o alumnado de E. Infantil.
Experimentamos con mesturas	Semana do 24 ao 28 de febreiro en educación infantil	Durante os recreos das aulas de educación infantil, en grupos reducidos, foron experimentando con mesturas de diferentes produtos (cores, densidades, etc...)
Experimentamos con "orbits". Pequenas bolas que se beben a auga dun recipiente.	Maio	Introducimos varias bolas de hidroxel en auga, despois de pesalas e medias; ao cabo duns días observamos que a auga desaparecera e as bolas eran máis pesadas e grandes. Iniciamos un pequeno debate sobre a súa utilidade e que pasara coas bolas. Este material é moi útil para os cueiros dos bebés, para poder ter as plantas húmidas aínda que non esteas na casa, nas lentes oculares...

Investigamos sobre o plástico e as posibles solucións a este gran problema medioambiental.	Abril	Fixemos un pequeno estudo do gran problema medioambiental que xera a cantidade inxente de plástico que hai no mundo. Vimos un vídeo sobre a illa de plástico mais grande do mundo. Realizamos dúas xornadas de limpeza das praias da contorna e finalmente, experimentamos cun material novo, o PVA, que ten a propiedade de diluírse na auga. Probamos con dúas mostras de plástico; unha dunha bolsa normal do supermercado e outra de PVA. Ao mollalas observamos que a bolsa normal permanece sen cambios, mentres que a bolsa de PVA, en pouco tempo está desfeita.
Experimentamos coa mesa de luz	Abril	Durante os recreos de infantil, en grupos reducidos, foron experimentando coa mesa de luz para ver os osos, para traballar as construcións e as formas ...
Deshidratamos froitas e verduras	Abril	Empregamos a nosa incubadora para deshidratar diferentes froitas e verduras e experimentar con outras formas de conservación.
Fabricamos microorganismos coa finalidade de rexenerar unha zona da praia de Padrón, en Combarro, degradada.	Xaneiro-maio	A través deste proxecto, cultivamos microorganismos no bosque que está ao lado do centro, os recolectamos, multiplicamos o seu número empregando a nosa incubadora coma acelerante da fermentación, realizamos unha segunda fermentación no domicilio do alumnado e finalmente, empregamos o líquido resultante coma limpador e rexenerante. A parte final do proxecto, rexeneración da Praia do Padrón en Combarro non se poido levar a cabo por falta de permisos administrativos.
Fabricamos xabón natural con aceite de oliva virxe.	Finais do mes de maio	A finais de maio fabricamos xabón con aceite de oliva virxe e experimentamos unha reacción química exotérmica, calculamos as cantidades de auga e sosa necesarias para mesturar con tres litros de aceite. O xabón resultante foi o agasallo para o alumnado de 6º (que se marcha cara ó IES a cursar a ESO) e o profesorado do centro.
Experimentamos co magnetismo	Ultima semana de maio e primeira de xuño	A través dun xogo de construción, fio condutor e varios imáns, fixemos diferentes experiencias para coñecer un pouco mellor a electricidade e os campos magnéticos.